





TORRENTAS DE MÁCARA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 4 km
Dificultade: baixa
Duración: 2 horas



No lugar de Mácara, da parroquia de Ramil (Palas de Rei). No alto Ulla hai un tramo comprendido entre a confluencia co río Pambre e o balneario de Frádegas onde o río forma un canón en rochas graníticas con moitos rápidos e pequenas fervezas. A máis grande é a de Mácara, duns 4 m de altura. **COMO CHEGAR:**

Na estrada de Santiago a Lugo (N-547), 6 km despois de pasar Melide cóllese o cruce que vai a Ramil (indica Monterroso) e despois en dirección a Recamonde, Mácara e Pambre. Antes de chegar a Pambre hai unha pequena ponte que salva un regato. Alí déixase o coche e sóbese por un camiño de terra empedrado e, despois de atravesar fincas chégase ao río e camiñase pola súa beira río arriba ata atopar a ferveza.

Tamén se pode ir desde Pidre a Chorexe (segundo as indicacións da Casa Rural "A parada das Bestas").

Pódese facer unha ruta máis completa polas torrentes do Ulla seguindo río abaixo desde as ruínas do balneario de Frádegas uns 2 km, ou desde Ramil río arriba.

